

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 14 DE XANEIRO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de xaneiro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Jacobo Barreiro Pimentel e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 7 de Xaneiro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

“Vista a solicitude presentada neste Concello, con data de 27 de decembro de 2007 , no que D.José Antonio Rivas Tizón , teniéndose licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Francelos , obra que en seu día non puido ser rematada por causas alleas a mesma , solicita: Licencia para a execución da mesma na súa totalidade . A Xunta de Goberno Local da conta dos informes técnico, e xurídico , redactados polo Arquitecto Técnico Municipal e polo Secretario do Concello , que dín o que segue:

Visto o escrito de D. **José A. Rivas Tizón**, de data 27 de decembro de 2007, **RE N° 6836**, onde expón:

"Tendo licenza par á construción dunha vivenda unifamiliar en Francelos (achégase copia da devandita licenza e pagamento desta) e que no seu día non puido rematarse na súa totalidade por causas alleas a esta. Solicita licenza para a execución desta na súa totalidade"

a. Achegando:

- Encargo de Dirección, de data 30 de outubro de 1983.
- Recibos varios de pagamentos de minutas do ano 1983.

- Condicións Urbanísticas do 28 de xuño de 1983.
- Licenza de Obra do 15 de decembro de 1983.
- Carta de Pagamento, Licenza, do 15 de decembro de 1983.
- Fianza, do 2 de novembro de 1983.
- Copia Plano Catastral, onde figura a vivenda en fase de construción **Finca** 12, do Polígono 98.12.3.

2. A edificación da que se pretende continuar a súa construción, solicitando prorroga para a devandita licenza outorgada no ano 1983. (15 de Decembro de 1983).

Salvo mellor criterio, non é posible o outorgamento de prorróga dada a incompatibilidade entre o ordenamento urbanístico anterior co vixente, así como o tempo transcorrido.

- a. O construído corresponde a unha planta baixa, planta baixa inacabada, correspondendo a unha parte dun proxecto dunha vivenda unifamiliar.
- b. A edificación inacabada atópase en estado de abandono, cuberta en parte pola maleza e sen ningún tipo de uso.
- c. É de aplicación o Art. 103-Edificios fose de ordenación, no suposto de que o construído aínda inacabado dispuxese dalgún tipo de uso.

3. Condicións Urbanísticas aplicables ao Terreo número 12, do Polígono 98.12.3.

O ordenamento urbanístico do **Concello** de **Ribadavia** corresponde ás **NNSSM**, publicadas no **BOP N° 66** do 23 de marzo de 1987, **NCSPP**, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no **DOGA** do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle **Francelos Travesía**, aprobado en pleno o 2 de novembro de 1993.

Este ordenamento supedítase á "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de **Galicia**". **DOGA** n°.252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro; Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de **Galicia**, así como disposicións concorrentes.

3.1. Dada a clasificación do chan, o seu ámbito de actuación corresponde a Chan Urbano na Categoría que establece o Art. 12. "Categorías de Chan Urbano", b) Chan Urbano **No** Consolidado.

No que para a súa transformación en Urbano Consolidado é de aplicación o réxime regulado por os Art. 18-b) e Art. 20 e concorrentes da **LOUGA**.

4. O plan actual non foi adaptado á actual Lei **LOUGA**, no seu prazo establecido.
5. Estarase ao que determina a D.T. Primeira e Segunda da **LOUGA**, así como á Carta de Orde Oficial do Director **Xeral de Urbanismo**, de data 14 de marzo de 2006, **RE Nº 1187**.
6. A ordenación **pormenorización** e co alcance que lle corresponde; segundo establece o E.D, así como o previsto na **LOUGA** e disposicións concorrentes, a área ou ámbito delimitado ten a seguinte zonificación, chan regulado pola Ordenanza "**UMA-III**": Ordenanza 14.2, USOS MIXTOS. O terreo interior esta clasificado como "O", Espazo Libre, regulado pola Ordenanza 14.4 do E.D. O ámbito en calquera caso terá que cumprir a condición de repartición equitativa de cargas e de beneficios.
 - a. A construción inacabada e sen uso, atópase situada no ámbito do Estudio de Detalle Travesía de **Francelos**. Plano da Cartografía Oficial do E.D., Plano **nº 4.1 "ALIÑACIÓNS, RASANTES Y ORDENACIÓN"**, a Escala 1: 500. Coa situación concreta en chan clasificado como "E.L". Espazo Libre.

INFORME XURÍDICO.

Visto o escrito de D.Jose Antonio Rivas Tizón , de data 27 de decembro do 2007, RE Nº6836, onde solicita que :”Tendo licencia para a construción dunha vivenda unifamiliar en Francelos y que en seu día non puido terminar por causas alleas a mesma , solicita licencia para a execución da mesma na súa totalidade.” Como Secretario Xeral deste Concello emito o seguinte informe.

ANTECEDENTES DE FEITO

-Constan neste expediente a seguinte documentación:

- Solicitud de data 27 de decembro do 2007, RE Nº6836, onde solicita que :” Tendo licencia para a construción dunha vivenda unifamiliar en Francelos y que en seu día non puido

terminar por causas alleas a mesma , solicita licencia para a execución da mesma na sua totalidade.”

- Informe do Arquitecto Técnico Municipal de data once de xaneiro de 2008.

RÉXIMEN XURÍDICO APLICABLE

Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

Lei 7/85, de 2 de abril L.R.B.R.L.

INFORME

Visto o Informe Técnico do Arquitecto Técnico Municipal deste Concello de data once de xaneiro de 2008 , no que fai as seguintes consideracións ,así como o resto de documentación que obran neste expediente , teño a ben informar o que segue:

Tal y como establece o Informe Técnico do Arquitecto Técnico Municipal deste Concello de data once de xaneiro de 2008 , a clasificación do solo corresponde a Solo Urbán na categoría establecida no artigo 12 da L.O.U.G.A. Suelo Urbán Non Consolidado , definido , neste artigo , como ; “ Aquel integrado pola restante superficie de solo urban e , en todo caso , polos terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización , reforma interior , renovación urban ou obtención de dotacións urbanística con distribución equitativa de beneficios e de cargas , por aqueles sobre os que o planeamento urbanístico prevexa unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente , así como polas áreas de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento.”

O planeamento actual deste Concello non foi adaptado a actual Lei 9/2002 L.O.U.G.A. no prazo establecido , tal e como sinala a Disposición Transitoria Segunda desta Lei. Por esta razón haberá de estarse ó reximen xurídico establecido na Disposición Transitoria Primeira da mesma.

A edificación encontrase en situación de fora de ordenación en virtude do sinalado no Informe Técnico ,antes referido, polo que lle será de aplicación o establecido no artigo 103 da L.O.U.G.A. 9/2002 , sendo unicamente autorizables as obras de simple conservación e as necesarias para o **mantemento do uso preexistente** en virtude do establecido no apartado 2 deste mesmo artigo.

En virtude do anteriormente exposto concluo o que segue:

O meu xuízo non e posible o outorgamento da proroga solicitada , dada a incompatibilidade entre o ordenamento urbanístico anterior e o vixente .

Sen prexuízo do anteriormente exposto O Alcalde Presidente deste Concello poderá resolver como considere máis oportuno e axustado a dereito conforme as súas competencias atribuídas pola Lei 7/85 LRBRL no seu artigo 21.1.q.”

Vistos os informes técnicos e xurídicos , a Xunta de Goberno Local , por unanimidade acorda , denegar o solicitado por D.José antonio Rivas Tizón.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVAS

“Visto o expediente a nome de **Don Maria Isaura de Lourdes Domínguez Garcia**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 74, 3ºB, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Travesía de Santiago nº 7-Rúa dos Fornos nº 5, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 4.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

DEVOLUCION DE FIANZA.-

Expte: 21/12/2007/6746-L/124: Vista a solicitude de **Dona Dolores Rodríguez Vázquez**, con domicilio na rúa San Pedro nº 22, 2º, Santiago de Compostela, no que interesa a devolución da fianza depositada no seu día (420,70 euros) para responder da reposición da beirarúa segundo concesión de licenza urbanística para vivenda unifamiliar sita na Estrada N-120 vella nº 51, San Paio, outorgada pola Comisión Municipal de Goberno de data 7 de xuño de 1999, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, visto o informe do técnico municipal, de data 01.01.08, acorda acceder o solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

COMUNICACIÓN DE ACORDO DE INCOACIÓN DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

Por escrito da Consellería de cultura e deporte , Dirección Xeral de Patrimonio Cultural , de data 7 de xaneiro de 2008 , comunicase a este Concello o acordo do Director Xeral de Patrimonio Cultural do 2 de xaneiro de 2008 .

COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE DEPORTE E CULTURA , POLO QUE SE ENVÍAN OS CONVENIOS DE ADHESIÓN 2008 ,COA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS.

A Xunta de Goberno Local , despois de tomar coñecemento desta comunicación, por unanimidade dos asistentes acorda :

-Facultar o Alcalde para a sinatura do mesmo.

-Proceder o envío do Convenio , firmado , ao Instituto Galego de Artes Escénicas Musicais ,para a súa sinatura correspondinte.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

AXENCIA EXECUTIVA DE CULTURA , EDUCACIÓN AUDIOVISUAL DA COMISIÓN EUROPEA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, despois de tomar coñecemento , deste escrito na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local , de 7 de xaneiro do 2008 :“Da Axencia Executiva de Cultura, Educación e Audiovisual da Comisión Europea, comunicando concesión de subvención para o programa “Xuventude en Acción” 3.2. (Xuventud no mundo)” . por unanimidade dos asistentes acorda :

-Facultar o Alcalde para a sinatura do convenio , someténdose a todas as clausulas establecidas no mesmo

-Proceder o envío do Convenio , firmado , a Education , Audiovisual and Culture Executive Agency.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

1. APROBACIÓN DAS SEGUINTE FACTURAS:

SOGAMA. Tratamento dos residuos sólidos urbanos do mes de xaneiro 2007 na Mancomunidade do Ribeiro, segundo factura 2006/0193, por importe de 9053,34 euros.

SOGAMA. Tratamento dos residuos sólidos urbanos do mes de febreiro 2007 na Mancomunidade do Ribeiro, segundo factura 2006/0601, por importe de 8577,28 euros.

CATOURE. Traballos de Asistencia Técnica á recaudación, segundo factura número 89-2007, de marzo 2007, por importe de 4250,95 euros.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE